

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE CODIFICACIÓN COMERCIAL (AECOC)

En Santiago de Compostela, o día 28 de marzo de 2016, na sede da Consellería do Mar,

REUNIDOS:

Dunha parte, D. Juan Carlos Maneiro Cadillo, en calidade de director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, actuando en nome e representación da Consellería do Mar, por delegación da conselleira, en virtude das facultades delegadas que lle confire a Orde de 30 de marzo de 2012, da mesma consellería, publicada no DOG nº 70, do 12 de abril, e de conformidade co Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e da Orde do 9 de outubro de 2015 pola que se determina a adscrición dos órganos da extinta Secretaría Xeral do Mar á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

Doutra parte, D., veciño de, con N.I.F., na súa condición de Director General da Asociación Española de Codificación Comercial (AECOC), cargo para o cal foi nomeado polo Consejo Directivo de dita Asociación en sesión celebrada o día 1 de Outubro de 1987 e actuando neste acto ao abeiro das facultades que lle confire a escritura pública de poder de data 30 de novembro de 1987, autorizada polo Notario Don do Ilustre Colexio Notarial de Barcelona e co número de protocolo 3.327,

EXPOÑEN:

PRIMEIRO:

Que as administracións públicas poden asinar convenios de colaboración con entidades pertencentes ao sector privado, segundo dispón o artigo 4.1.d) do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de

contratos do sector público sempre que o seu obxecto non estea comprendido na dita lei ou en normas administrativas especiais.

SEGUNDO:

Que o Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar.

Neste sentido a Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

Son fins da Asociación Española de Codificación Comercial (AECOC) a instauración, posta en marcha, promoción, uso e control de sistemas de linguaxe e codificación comercial, así como calquera actividade que tenda a racionalizar as relacións entre fabricantes e distribuidores. A Asociación Española de Codificación Comercial (AECOC) non ten carácter lucrativo, é apolítica, voluntaria e autónoma.

TERCEIRO:

Que a Asociación Española de Codificación Comercial (AECOC) organizará o XVII Congreso AECOC Universo de Produtos do Mar, en Baiona os días 1 e 2 de xuño de 2016, cuxo obxectivo é mellorar a comercialización dos produtos do mar a través dun punto de encontro de todos os axentes da cadea de subministracións de produtos da pesca e a acuicultura e onde asistentes e relatores poden analizar conxuntamente a evolución do último ano, compartir experiencias e formularse mutuamente estratexias de colaboración, que permitan facer crecer o mercado.

O Congreso AECOC Universo de Produtos do Mar é un evento de interese que constitúe unha oportunidade inmejorable para a promoción dos produtos da pesca e da acuicultura.

CUARTO:

Que as partes anteriormente referenciadas consideran de mutuo interese a realización dunha serie de accións que redunden nunha mellora do sector dos produtos da pesca e a acuicultura e as industrias relacionadas en materias tales como comercialización, promoción e fomento do consumo de produtos pesqueiros.

QUINTO:

Que para o desenvolvemento das actividades que se indican máis adiante, as partes, de forma conxunta, dispoñen de medios humanos e materiais suficientes.

Na súa virtude, e dada a existencia dun interese coincidente, ámbalas dúas partes acordan formalizar o presente Convenio de acordo as seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO.

O obxecto do presente convenio é establecer ás bases de colaboración entre a Consellería do Mar e a Asociación Española de Codificación Comercial (AECOC), para a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros, dentro da XVII edición do Congreso AECOC Universo de Produtos do Mar que se desenvolverá en Baiona do 1 ao 2 de xuño de 2016. As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son as que seguen:

- Organización de actividades de promoción dos produtos da pesca.
- Garantir a asistencia das principais empresas no sector de produtos do mar en España.
- Continuar con accións para ter maior presenza de empresas no sector extractivo, os conxelados e transformados.

- Garantir a asistencia das empresas de distribución en España, dado que a distribución é o principal motor de atracción do resto de empresas da cadea de subministro.
- Formular un programa de actualidade que garanta o interese das empresas do sector.
- Dispoñibilidade dun espazo dedicado a empresas galegas cuxo obxectivo sexa a exposición de produtos innovadores a través de puntos de degustación.
- Acción de promoción dos produtos galegos, especialmente aqueles con calidade diferenciada e con marcas de calidade dentro das comidas do Congreso.
- Apoio á organización do evento (que inclúe gastos de persoal, sede, material publicitario, medios audiovisuais, servizos de azafatas, intérprete, etc...)
- Apoio á calidade dos contidos do Congreso a través da programación de poñentes de recoñecido prestixio.

SEGUNDA.- CONDICIÓNS ECONÓMICAS.

A Consellería do Mar contribuirá á realización das accións comprendidas no obxecto do presente convenio cunha achega económica, que ten como finalidade compensar á Asociación Española de Codificación Comercial (AECOC) polos gastos nos que incorre como consecuencia de levar a cabo as actuacións obxecto do convenio, cifradas na cantidade de CATORCE MIL CINCOCENTOS VINTE EUROS (14.520 €), con cargo á aplicación orzamentaria 2016.14.02.723B.640.0, código de proxecto 2016 00286S dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2016, sendo esta partida económica axeitada para asumir o custo desta acción por considerarse pola súa propia natureza como un activo configurado como un investimento de carácter intanxible que deberá incrementar o valor das políticas públicas acometidas pola Consellería do Mar neste ámbito e que non dará lugar a investimentos reais de carácter material.

As actuacións recollidas no presente convenio son financiáveis, nun 75 %, co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP). Faise constar tamén a elixibilidade da actuación que se pretende a través da contratación que se propón no marco da Prioridade da Unión, Obxectivo e Medida do FEMP: 5.1.3: Medidas de comercialización, prevista no artigo 68 do Regulamento (UE) 508/2014, do 15 de maio. Esta participación se fará constar en todas cantas actuacións se realicen ao abeiro deste convenio.

A Asociación Española de Codificación Comercial (AECOC), empregará a totalidade da achega económica desta cláusula nas accións derivadas do obxecto deste convenio, non obtendo ningún beneficio económico desta consignación presupostaríala.

Farase un único pago contra da presentación das facturas polas inversións inmateriais realizadas, ás que se xuntarán certificacións actualizadas expedidas por cadansúa administración que acrediten que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, así como que non ten débedas pendentes contraídas coa administración da Xunta de Galicia. As facturas deberán ser conformadas pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica para estes efectos.

Para facer efectivo o pagamento presentarán a memoria á que se fai referencia na cláusula terceira seguinte.

TERCEIRA.- OBRIGAS

A Asociación Española de Codificación Comercial (AECOC) obrígase a realizar as accións especificadas na cláusula primeira do presente convenio.

No marco do presente Convenio, a Asociación Española de Codificación Comercial (AECOC) obrígase a facer constar a participación da Consellería do Mar nas exhibicións publicitarias que teñan lugar no marco deste convenio.

Finalmente presentará diante da Consellería do Mar unha memoria descritiva da realización do obxecto do convenio.

CUARTA.- RÉXIME DE PERSOAL

A realización das actuacións previstas neste Convenio non levará consigo ningún tipo de relación de carácter laboral entre a Consellería do Mar e as persoas que interveñan ou puideran intervir na súa execución, sendo a Asociación Española de Codificación Comercial (AECOC) responsable das obrigas sociais e laborais que se puideran derivar da contratación, pola mesma, do referido persoal.

QUINTA.- SEGUIMIENTO.

Ós efectos de coidar do cumprimento de estipulado no presente Convenio créase unha Comisión de Seguimento do mesmo, que estará composta polo director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica e (Responsable de produtos do mar da Asociación Española de Codificación Comercial, AECOC). A dita comisión, que se xuntará a petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para garantir a efectividade do Convenio.

Neste senso, a Asociación Española de Codificación Comercial (AECOC) atenderá ás indicacións, suxestións e requirimentos que se lle formulen desde Consellería do Mar en relación co obxecto do presente convenio.

SEXTA.- VIXENCIA.

A vixencia do presente Convenio estenderase desde a súa sinatura e ata 31 de outubro de 2016, non sendo susceptible de prórroga.

SÉTIMA.- RESOLUCIÓN.

Serán causa de resolución do Convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento das cláusulas contidas no mesmo.

OITAVA.- CARACTER DO CONVENIO

Este Convenio ten a natureza dos previstos no artigo 4.1.d do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público e o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio convenio e os principios xerais resultantes da citada lei.



NOVENA.- LITIXIOS.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución i efectos que se puideran derivar da aplicación do presente convenio deberán ser aclaradas pola Comisión de Seguimento á que se refire a cláusula quinta anterior do presente Convenio. Se non se puidera alcanzar dito acordo, as posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso -administrativo.

E en proba da conformidade e para a debida constancia do pactado asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en todas as follas, no lugar e data ao comezo

Pola Consellería do Mar

A CONSELLEIRA

PD Orde 30 / 03 / 2012, DOG. n.º 70, do
12/04/2012; DA 6ª, Decreto 129/2015 de
08/10/2015)

O director xeral de Pesca, Acuicultura e
Innovación Tecnolóxica

Juan Carlos Maneiro Cadillo

Pola Asociación Española de
Codificación Comercial
(AECOC)

O director xeral